

ENTREVISTA A MANUEL GONZÁLEZ



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0008_B_id3582_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0008_B_id3582.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto, transcripción e fotografías. Vídeo resumo editado mp4. Ficha de fotografías antigas.
DATA DE RECOLLIDA:	xoves, 2 de novembro de 2023
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Domicilio particular
Lugar:	A Ponte de Traba
Parroquia:	Noia (San Martiño)
Concello:	Noia
Provincia:	A Coruña
INFORMANTE:	
Nome:	Manuel González Videla
Alcume:	Manolo de Roque
Idade no momento da recollida:	76 anos
Lugar e data de nacemento:	A Ponte de Traba (Noia), 25 de abril de 1947
Ocupación:	Mestre carpinteiro de ribeira
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Gerardo Triñanes e Lita Places (AGALCARI).
DURACIÓN:	12'08"

CONTEXTO:



Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintería de ribeira* (SI-2023-0245.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).



A gravación completa (1:39:01) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

Empecei a traballar, non tiña os 13 anos cumpridos, e empecei a traballar na carpintería de ribeira, na construción de barcos de madeira. Que de aí venme este hobby ¹ agora a min de facer estas cousas. E aquí estou aínda continuando, facendo cos anos que teño. Teño 76 e medio pero aínda continúo facendo algo.

E o meu maestro carpinteiro chamábase Manuel Leis García, era conocido como o taller de Hermida. O Astillero de Hermida, porque o finado do pai era Manuel Leis Hermida e era conocido como Manolo de Hermida que de Hermida non tiña nada, era Leis García.

E aínda que moita escola pública non tuven, escuela na carpintería de ribeira tuven moita. A prueba está en que eu podo facer un plano de formas pra un barco sin ningún plano de ingeniero. Facer unha maqueta de construción e de aí sacalo plano de formas. Cas súas caídas correspondientes para todas as cuadernas e porque xa sabemos que se un barco leva 50 ou 60 cuadernas ou costillas, como lle chamemos, ningunha é igual, todas son diferentes. E tódalas caídas son diferentes. É un traballo moi bonito e eso quedoume bastante ben porque foron moitos anos de escuela con el sobre eso.

Despois de 22 anos con el (...) marchei e namais marchar pois xa se enterou no mesmo día Domingo Lago Martínez, conocido como Camposas do Freixo.

E así estiven traballando alí pois 19 anos máis, 19 anos máis con el.

¹ Refírese á construción de maquetas de barcos.



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

Bueno, se falamos da primeira da carpintería de ribeira, Dios mío, era un sacrificio porque hasta que empezaron a vir os cepillos eléctricos, motosierras, daquela era todo á man. Había que facer todo á man. E aquilo era bastante duro, andar con aqueles paus á palicuerda ao lombo dun lado pa outro. Era bastante duro.

Pero eso de ir buscar, bueno, de ter que ir buscar a madeira ao monte, traela para o taller xa non era unha broma. Era xente moi especialista no monte a que había.

A época determinada todos, bueno a maioría, sabemos que temos dúas lunas no ano, non. Temos a luna de xaneiro e temos a luna de agosto. Mellor a de xaneiro que a de agosto, moito mellor. Había que esperar a esa luna para cortar e serralá madeira. Ibas escoller, cortabas, e despois os serradores con este, ca serra portuguesa e co serrón de aire que eran auténticos especialistas esa xente. Moi boa.

E serraban os paus no monte e unha vez que traían que xa traían nunha camioneta, traían a madeira para o taller entón esa madeira tirábase ao mar. Para que? Para lavarlle o serrín, o serrín que traía da serra. Porque ese serrín pegado se sécala madeira aí queda unha roncha, unha mancha que aí pudre a madeira. Entón, tirábase ao mar, lavábaselle o serrín, volvíase a traer para terra e despois arrombábase en terra. Unha tabla, uns taquiños, outra tabla. Para que aireara polo medio non. E combinando o que eran os paus, os que eran do mesmo pau. Ao mellor eran sete ou oito tablas do mesmo pau e poñíase o pau enteiro todo así en tablas así todo repartido no campo hasta que secaba a madeira. Logo de aí, unha vez a madeira seca, pasábala para dentro do taller, para encima das vigas e estaba aí e empezábase a facer o costillaje do barco.

O máis difícil para min encontrábo cando empecei a ir co jefe ao trazado e ver como marcaba tantas raias dun lado, do outro e do outro. Bueno, aquilo era un rompecabezas pero era bonito.

O armador pois sempre “Eu quero un barco de 14 metros”, por exemplo. De 14 metros ti fas un modelo agora de 60 cm de largo, 80 de largo. Depende a escala que lle poñas xa che da os metros. Pero ti fas agora un modelo de 80 cm de largo. 80, unha cuarta parte serían 20 que sería a manga do barco e a mitad da manga sería o puntal. Logo de aí tes un 3% máis ou menos que leva o barco de arrufe de proa a popa e sempre tirando na proa na escala un centímetro ou dous máis arriba que na popa. Que levante sempre a proa para arriba. E de aí modeláballo barco. Facíala maqueta, modeláballo barco e de aí facíalo plano de formas e a facer o barco.

Faise por exemplo a... Fas un modelo, un esquema nun tableiro cas medidas e entón repartes desde a quilla á cuberta cun compás os huecos que che collan, 6 ou 7, e eso vai á escala. Pode coller un centímetro se é a 1:10 son 10 centímetros cada tablilla, non. Entón fas esa maqueta con todas



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

esas tablillas despois desmóntalas e esas tablillas son as que pasas nun cuadro como che mostrei aí ese que é onde sacas as curvaturas das cuadernas e caídas e cartamóns e eso.

O trazado que eu fago non minte nada.

Esa maneira de trazalo é cando se corrixen as líneas no trazado como vai coas líneas sobre un escuadro, que é un triángulo, van sobre un escuadro. Entónces esa línea o que é a maestra sale por fóra da manga do barco pero no trazado. E todas esas líneas feitas así van nos trazados que son triángulos e ese colle o escuadro da costilla onde pásalo cartamón, cóllelo cartamón tal e como o pasas na cuaderna. E non falla ningún. Aínda que o fagas hasta investir na proa as cuadernas.

A verse o barco, claro, tes que ter os enrodamentos feitos. O enrodamento de proa e de popa e eso plántalo como... chamámoslle nós plantar o barco. Plantar a quilla, claro. Pos a quilla, pos a proa e a popa nivelados, aplomados, nivelados e de aí pois empezas a facer a cuaderna maestra. Nós empezábase sempre poñendo a maestra, polo medio. Non empezábase nunca na proa, non. Poñías a maestra no medio, escuadrábala, aplomábala. E despois de aí ibas da maestra: número un, pola proa ca distancia correspondiente que tiña que levar. E así todas hasta a proa. Hasta chegar ao zapatón de proa que é un reforzo que leva, non. O curvatón que agarra a roda de proa e a contrarroda. E armábase así e para a popa igual. Que pasa que chegabamos ao zapatón e quedábache un espacio de dous metros hasta a proa e aí facíanse os paus mortos. Chamábanlle os paus mortos porque non levaban varengas eses paus. Eses paus eran unha cuaderna para un lado e outra polo outro, unha por un lado e outra polo outro. Non levaba varenga. E eses paus mortos pois facíanse as plantillas no sitio, que se podían facer no trazado igual que non variaba.

Nos Sancosmeiros traballei, oh. Na lancha do xeito non, recórdoa aquí en Noia.

Traballei daquela maneira, eh, en reparacións. En construción non que nós non fixemos sancosmeiros pero os sancosmeiros todos sabemos (...) que non había planos para o sancosmeiro. Facíase a armar. Armar era por exemplo poñer a quilla, a roda e a popa e meter dúas ou tres maestras no medio, aplomalas, escuadradas e manejalas ca proa e ca popa que estiveran ben centradas e despois de aí partir con uns xunquillos. Uns barrotes largos (fai xesto) tres ou catro ou cinco por cada costado e armar o barco así e de aí facendo plantillas por aí.

Ahora, o máis de todo canto teño aquí o que máis admiro de todo é a construción do sancosmeiro co seu trazado e todo. De todo canto hai aquí. É o que máis admiro porque eso é unha auténtica carpintería de ribeira esa.

FOTOGRAFÍAS:



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



Manuel González coas plantillas e as correccións dos cartamóns do Sancosmeiro na súa vivenda.



Manuel González marcando as liñas de auga co compás no taller da súa vivenda xunto a Gerardo Triñanes.